

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas do día vinte e tres de febreiro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía do día 23 de febreiro de 2023 pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

(.../...)

« A urxencia da convocatoria vén motivada pola necesidade de adoptar hoxe o acordo ao que se refire o punto 2º da orde do día, á vista da data de celebración do entroido pequeno o vindeiro día 25 de febreiro de 2023.»

(.../...)

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, aprobar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar.

2º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DO EVENTO "ENTROIDO PEQUENO EN CAMBRE 2023" A PROL DO LICITADOR JOSÉ LUÍS TORRADO RODRÍGUEZ NO PREZO OFERTADO DE 32.480,00 EUROS SEN IVE, 39.300,80 IVE INCLUÍDO

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: icNqkrdS0/WMr2Krr0yu), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación tramitado na plataforma TEdC ao número 2023/C001/000004 para a contratación do servizo de produción do evento Entroido Pequeno Cambre 2023.

Visto que, segundo se deriva do listado de licitadores presentados expedido pola propia PLACSP (Código seguro de verificación: LE1-850d6558-483b0725-4d2070b3-047c8c65-14b9b663), rematado o prazo de presentación de proposicións, consta un único licitador:

- LICITADOR 1: Razón social: José Luis Torrado Rodriguez NIF: 32****5V

Visto o acordo adoptado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data do 20.02.2023 formulando *“propuesta de adjudicación del expediente núm. 2023/C004/000001 para adjudicar el contrato de organización del evento Entroido pequeno en Cambre 2023 a favor do licitador **José Luis Torrado Rodríguez**, en el precio ofertado de 32.480 euros sin IVA, 39.300,8 euros IVA incluído, sin estar incurso esta oferta en presunción de ser anormalmente baja”* e requirindo ao licitador para que no prazo de cinco días hábiles aportara a documentación relacionada na cláusula 17.

Visto que o licitador atendeu o requirimento con data do 21.02.2023.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 22.02.2023 (CVD: QuPhQJBAFe2kxutm3u+), no que se *“informa favorablemente la solvencia económica y financiera así como la solvencia técnica por lo que solicito continuar con la tramitación del expediente”*.

Visto o informe emitido pola tesoureira municipal emitido con data do 22.02.2023 (CVD: 6xgaTUfGLcEer0IQaU5F) que di:

“Segundo resulta da contabilidade municipal e do servizo Intranet da Deputación provincial: Servizos tributarios, que os terceiros que se mencionan deseguido, non teñen débedas co Concello de Cambre nin a 9 de febreiro de 2023 nin á data actual:

*JOSÉ LUIS TORRADO RODRÍGUEZ, DNI nº 32****5V”.*

Visto que consta no expediente resguardo da fianza definitiva depositada na Tesourería Municipal con núm. de rexistro 1113, por importe de 1.624,00 euros.

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 23.02.2023 (CVD: beUaBpLOGnCJwsE8/1oy).

Visto o informe emitido polo interventor municipal con data do 23.02.2023, JUA 66/2023 – REPARO 19 R (CVD: rQTxfcbxzkTj2GVT/P+I) no que se informa desfavorablemente sen efectos suspensivos.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data do 20.02.2023, declarar válida a licitación, admitindo nela a oferta presentada polo único licitador presentado:

- José Luis Torrado Rodríguez

Segundo: De conformidade coa proposta formulada con data 20.02.2023 pola mesa de contratación, aprobar a seguinte valoración da proposición presentada polo licitador admitido tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Precio ofertado	Experiencia interlocutor	Tiempo de resposta	Total
48 puntos	0 puntos	0 puntos	48

Terceiro: De conformidade coa proposta formulada con data 20.02.2023 pola mesa de contratación, adxudicar o contrato de organización do evento Entroido pequeno en Cambre 2023 a favor do licitador José Luis Torrado Rodríguez, no prezo ofertado de 32.480,00 euros sen IVE, 39.300,80 euros IVE incluído, sen estar incurso esta oferta en presunción de ser anormalmente baixa.

Cuarto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado.

Quinto: Designar responsable do contrato a don José Luís Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e educativas, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar o presente acordo ao licitador presentado e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Sétimo: Dar traslado do acordo ao responsable do contrato e á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de febreiro de 2023 (CVD: icNqkrdS0/WMr2Krr0yu), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo